




LUCES, CÁMARA..., A FALAR!

IES RAMÓN CABANILLAS
CAMBADOS. 50 ANIVERSARIO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ÍNDICE

1. Título	3
2. Introducción	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	3
2.2 Xustificación do proxecto	4
3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación	4
3.1 Obxectivos a curto prazo	4
3.2 Obxectivos a longo prazo	5
4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	5
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	5
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	9
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía	9
6. Xestión e calendario	10
7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	13
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	14
7.2 Alumnado participante	15
7.3 Outros membros da comunidade educativa	15
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	16
9. Orzamento. Xustificación e desagregación	17
10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	18
11. Medidas de difusión do proxecto: accións, canles e alcance	18
12. Plan de avaliación	19
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	19
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	20

1 TÍTULO

Luces, cámara..., a falar!

2 INTRODUCCIÓN

Luces, cámara..., a falar! é un proxecto transversal anual do IES Ramón Cabanillas de Cambados, programado para o curso 2022-2023 no marco do 50º aniversario do noso centro, o primeiro de ensino secundario construído na contorna. Nace como un proxecto de dinamización da oralidade no espazo educativo, pero tamén de diálogo social máis alá das paredes do instituto, co soporte das ferramentas audiovisuais, que lle serven ao alumnado como motor da expresión creativa en lingua galega.

Nesa intención de contribuír a reverter o proceso de castelanización da rapazada, co gallo do aniversario do noso centro, o Claustro decidiu deseñar unha iniciativa transversal que servise, ao mesmo tempo, para activar os valores creativos e novas estratexias de aprendizaxe.

Neste documento descríbense as principais liñas de traballo planificado desde o EDLG, o Equipo de Biblioteca e os diversos departamentos para o seu desenvolvemento nas aulas e nas actividades complementarias dinamizadoras. Todas elas comparten, como dixemos, o obxectivo común de lograr novos espazos para a lingua, para o diálogo coas familias (tamén coas avoas e cos avós); a posta en valor do papel do instituto na historia local, como motor de transformación profesional e social da comarca; e, por tanto, a relevancia da educación pública e gratuíta universal que se poida desenvolver nos lugares que habitamos e en relación con estes.

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

Contorna do concello

O concello de Cambados é unha zona en proceso de desgaleguización. A orientación socioeconómica cara ao turismo dos últimos anos, así como o aumento da poboación urbana, contribuíu a un abandono do uso familiar e social da lingua galega.

Situación do profesorado

No actual curso escolar, se ben non todo o profesorado é galegofalante, non se perciben actitudes negativas cara á lingua, mesmo se esforza por empregala, de xeito que os membros do Claustro poden contribuír positivamente no proxecto actual.

Situación do alumnado

O alumnado dos cursos superiores, de procedencia máis heteroxénea, presenta

unha competencia maior e tendencia a falar as dúas linguas; pola contra, entre o máis novo constatamos un uso moi baixo da lingua nas relacións coa comunidade educativa e incluso unha percepción do galego como lingua allea.

O alumnado procedente das zonas rurais é o que ten unha maior destreza, malia adaptarse no centro aos usos xerais do grupo de iguais.

Situación do persoal non docente

O persoal non docente que convive co alumnado (cafetaría, administrativo e conserxes, limpeza...) desenvolve o seu traballo en galego, feito que favorece o seu uso como lingua de relación fóra da aula.

2.2 Xustificación do proxecto

Este proxecto nace da necesidade de reforzar a actuación educativa nas competencias orais dun alumnado con importantes dificultades para se expresar con fluidez en galego.

A iniciativa planifica unha actuación que lle dá a palabra ao propio alumnado e ao antigo alumnado, nun diálogo creativo e transmisor de coñecemento arredor da educación. É unha oportunidade para a posta en práctica de novas metodoloxías, tras varios anos de formación e de primeiras experiencias. Permítenos introducir a lingua nas tecnoloxías, nas linguaxes audiovisuais e noutros espazos de referencia para a mocidade, á par da actuación familiar, vínculo dunha transmisión hoxe en grave risco de ruptura.

Todo isto reforza os plans formativos do curso vinculados á mellora da convivencia. Trazamos obxectivos comúns de traballo, un ambiente de cooperación entre alumnado e profesorado e novos ámbitos de participación das familias.

Consideramos que estas tres dimensións, innovación educativa, lingua e diálogo social, constitúen un labor que transcenderá este proxecto e que permitirá ampliar as bases da nosa tarefa pedagóxica nos anos vindeiros.

3. OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Poñer en marcha un espazo de creación audiovisual vinculado ao EDLG e á Biblioteca, cunha actuación transversal no centro.
- Desenvolver este curso un programa de actividades arredor da educación, no marco do 50 aniversario do noso centro, que reforce o avance educativo e os valores democráticos desenvolvidos desde o ano 1972 ata hoxe.

- Establecer un diálogo coas familias e con antigo alumnado, para contribuír á colaboración do conxunto dos axentes e a unha formación ampla, á posta en valor da educación nesta etapa, ao tempo que se asentan os referentes en lingua galega nas familias e na contorna (cantantes, profesionais, artistas etc.).
- Favorecer o coñecemento e valoración dos trazos dialectais, aínda vinculados a prexuizos e con escasa presenza na fala da xente máis nova.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Contribuír á extensión do uso da lingua galega na comunidade educativa e a reforzar o desenvolvemento das competencias orais do alumnado.
- Reforzar a dimensión comunicativa do galego en contextos vivos e referenciais para o alumnado, como a creación audiovisual e as novas tecnoloxías.
- Asociar a lingua á innovación educativa e aos proxectos sobranceiros, facer perceptible a utilidade do idioma na educación e vinculalo a valores prestixiosos.
- Ampliar tempos de vida académica nos que o alumnado sexa o centro da aprendizaxe e creatividade, asociada á indagación en saberes diversos e á eficacia do uso do idioma.
- Reforzar as competencias tecnolóxicas e de creación audiovisual do alumnado, útiles para a súa vida académica nos vindeiros cursos.
- Mellorar a práctica pedagóxica do Claustro, con espazos de traballo transversal, planificados e motivadores, cun esforzo importante formativo en novas tecnoloxías, traballo por proxectos e modelos de diversificación que favorezan a inclusión.
- Mellorar a convivencia a través das tarefas cooperativas e promotoras do diálogo da comunidade educativa e desta coa sociedade, incluídas as familias de incorporación recente.

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

Creación dunha aula de audiovisuais-EDLG

Conformación dun espazo novo no centro destinado á creación de audiovisual e, ao mesmo tempo, sede do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Así, o espazo de referencia para a creatividade libre do alumnado está vinculado ao audiovisual e á lingua galega.

Integráronse no espazo os seguintes recursos:

- 15 ordenadores, con programas de creación de textos e de edición audiovisual de código aberto
- Unha mesa de mesturas de radio, e catro postos, cos seus correspondentes micros e cascos, e mesa de edición. Ordenador para a gravación en Audacity
- Un espazo de croma verde para a gravación de vídeo con posproducción de fondos
- Un canón e pantalla para proxección colectiva

Para completar a aula, prevese incorporar:

- Equipamento de iluminación
- Insonorización das paredes
- Cabina independente de gravación
- Micrófonos sen fíos para gravación exterior

Ampliación do proxecto de Radio Cabanillas

Este espazo independente (a aula de audiovisuais) de creación permitirá a gravación en pequenos grupos durante os recreos, en horarios de libre acceso para o alumnado, e complementa a radio aberta da biblioteca.

Proxecto anual A memoria das aulas

A Biblioteca, o EDLG e o alumnado de 3º da ESO pivotan sobre o desenvolvemento dunha investigación con fontes orais da memoria do centro, unha investigación coas familias que permitirá recuperar testemuños, obxectos, imaxes, vivencias e unha reflexión compartida arredor da evolución da educación en Cambados no último medio século. Esta investigación culminará coa produción dun documental elaborado polo propio alumnado, que se difundirá a través de medios dixitais, pero tamén con proxeccións en espazos da vila (centro de maiores, escolas etc.).



O proxecto desenvólvese en diferentes fases:

1º trimestre: investigación e estudo

Na biblioteca: exposición *A memoria das aulas*, cunha recreación cedida polo Museo Pedagóxico Galego (Mupega) e que visita de maneira guiada tanto todo o alumnado do centro como outras persoas (exalumnos/as, exprofesores/as). Inclúe elementos históricos do centro e materiais elaborados polos primeiros profesores/as. Folleto informativo da exposición elaborado polo centro. Investigación nas aulas co interactivo Mupega sobre a historia europea da educación.

En Lingua Galega: busca de fontes informativas, recollida de primeiros datos e acordo de temas comúns para tratar no documental. Elaboración dos cuestionarios individuais para as entrevistas. Nocións básicas da linguaxe cinematográfica: os tipos de plano e a perspectiva. Referentes de retrato para o documental: a fotografía de Virxilio Viéitez e os obxectos nas súas imaxes.

En Bioloxía: nocións técnicas para o proxecto, como compartir documentos no Drive ou nomear documentos para un arquivo manexable.

En Valores: reflexións arredor da educación a través dos textos de Lupe Gómez.

Obradoiro audiovisual, 1ª sesión: como gravar e como iluminar. Primeiro obradoiro práctico do cineasta Roi Fernández (Sr. Pause) en decembro. A iluminación e a súa relevancia na interpretación da mensaxe audiovisual.

2º trimestre:

En Lingua Galega: gravación das entrevistas a familiares. Proxección das entrevistas en común. Os dereitos de imaxe. Técnicas de construción do guión documental. Procedementos de creación dunha unidade narrativa. Os créditos de autoría.



Obradoiro audiovisual, 2ª sesión (Sr. Pause): gravación de obxectos para a creación dunha unidade visual do documental. Práctica.

Obradoiro audiovisual, 3ª sesión (Sr. Pause): gravación de títulos de crédito do documental con caixa de luz. Tratamento de imaxes en acetato.

En Bioloxía: edición de imaxe e son con Openshot (programa preinstalado en

todos os ordenadores de Edixgal).

En Historia: a Constitución española e o Estatuto de autonomía, bases para a transición á democracia. A Historia do noso centro.

En Valores: proxección de extractos de películas históricas. Chaplin.

Biblioteca: conversas na biblioteca entre o alumnado de 3º de ESO, exprofesorado, profesionais do cine e exalumnado do centro.

3º trimestre:

En Lingua Galega: selección de espazos de difusión pública do documental. Creación de canles dixitais para a súa difusión: [blog](#) e [Instagram](#) do proxecto. Busca de convocatorias de premios educativos para participar.

En colaboración con outros departamentos: organización dun acto de estrea coas

familias, acompañado de chocolatada, para crear un foro de debate distendido tras a proxección do documental.

Estreas con debate en espazos do concello, como o Centro de Día de maiores ou o CEIP Magariños.

Os preguntoiros do TikTok

Ao longo do curso, o alumnado convértese en xornalista para coñecer a opinión da comunidade educativa e da rúa (con saídas pola vila para gravar). Tratamento audiovisual dos temas de interese nas efemérides educativas.

Escoita isto!

Campaña de promoción de cancións en galego vinculadas ás diferentes celebracións (Día da Candeloria, Día de Rosalía etc.): destácanse versos de cancións actuais de grupos galegos sobre o tema da celebración ou da autoría da persoa homenaxeada, con ligazóns de acceso co móbil a Spotify (actividade proposta e desenvolvida polo alumnado do EDLG).

Sketchs en galego

Técnica de chave de croma, dirixida aos primeiros niveis da ESO. Creación de guións nas aulas de Lingua Galega e gravación nos recreos na aula de audiovisuais. Difusión nas aulas e nas redes.

Contámolo na radio: *Podcasts* Radio Cabanillas



Obradoiro de 1º de bacharelato, coa xornalista Ana G. Liste, promovido polo Departamento de Lingua Galega, o EDLG e o Equipo de Biblioteca (Radio na biblio). O alumnado titorizará *a posteriori* a rapazada dos primeiros cursos da ESO sobre a elaboración de *podcasts*.

Integración na edición dos máis diversos efectos de son. O alumnado de 1º da ESO toma o seu primeiro contacto coa radio e a súa actividade en edición. Participación no concurso de microrrelatos radiofónico Tíralle da lingua, organizado pola AS-PG.

A curta do cincuenta!



Proxecto de realización dunha curtametraxe (co alumnado de 1º de ESO, EDLG, Biblioteca) para presentar no certame anual Olloboi. Cómpre salientar o asesoramento do reputado cineasta e exalumno Juan Galiñanes, nominado aos Goya.

Co gallo de integrar no 50 aniversario a comunidade educativa como unha única familia, contamos coa participación do docente xubilado Manuel Núñez, conserxes, persoal de limpeza e nais e pais como actores e actrices.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

O proxecto Luces, cámara..., a falar! xera un espazo de colaboración interdisciplinaria en galego entre o EDLG, a Biblioteca e diversos departamentos, coa aula de audiovisuais como sede desde a que proxectamos as máis diversas iniciativas. Este asentamento de novos procedementos de traballo, xunto coa cesión do espazo de uso libre do alumnado para os mesmos obxectivos, establece unha tendencia que pretende ir medrando ata involucrar máis docentes en vindeiros cursos, mesmo os que chegan novos ao centro, que sentirán este espazo de interese na vida do centro, da mesma maneira que se foi logrando coa biblioteca nos últimos anos.


De cara ao alumnado, a boa acollida das actividades do EDLG fai que desde a sede audiovisual teñamos un espazo onde as desenvolver de maneira natural en galego e sen a presión dos iguais, e obter uns resultados esperanzadores co idioma. Estamos no camiño para conseguir que o alumnado valore a lingua como un factor de identidade, motivo de orgullo no que comproba que o galego si pode ser lingua de comunicación e actualidade en redes xuvenís.

Esa base tamén facilita un diálogo integrado e real coa contorna. A situación do centro na entrada da zona peonil permite saídas seguras para gravar e estar en contacto coa contorna inmediata, nunha nova dinámica de apertura das paredes do centro. Os contornos dixitais son altosfalantes que favorecen a divulgación das actividades e estas poñen en valor a riqueza de Cambados, tamén en sentido lingüístico.

5. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

A organización deste proxecto parte dunha eiva que detectamos entre a maioría do alumnado: a falta de uso da nosa lingua. Verbo disto, decidimos poñela en funcionamento nun eido de actualidade tecnolóxica que resulta atractivo para eles e elas e que rompe prexuízos asentados entre a mocidade en torno ao galego.

Esta eiva fixo que enfocásemos o proxecto desde un punto de vista interdisciplinario, cousa que favorece o atractivo deste e o seu impacto en todos os niveis. As materias repártense aproximadamente da seguinte maneira:



Entre os aspectos primordiais para acadar unha aprendizaxe motivadora e inclusiva, á parte de traballar coas tecnoloxías, que de seu resulta atractivo, tivemos en conta as propostas do alumnado no desenvolvemento do proxecto. De feito, as temáticas TikTok son fundamentalmente escollidas por este. A distribución de responsabilidades tamén é un aspecto para ter en conta, así como o desenvolvemento dos diversos roles asignados.

Con isto, outro dos nosos obxectivos é a inclusión e a atención individualizada do proceso de ensino-aprendizaxe de acordo cos principios do DUA. É fundamental atender as características individuais da persoa –especialmente nas competencias orais–, así como os diversos ritmos de aprendizaxe. Partindo desa individualización e inclusión, reforzamos os talentos e fortalezas que nos ofrece a diversidade do alumnado, mesturado coa diversidade curricular do proxecto (interdisciplinabilidade).

6. XESTIÓN E CALENDARIO

Luces, cámara..., a falar! é un proxecto transversal anual, programado para o curso 2022-23, no marco do 50º aniversario do centro. A secuencia cronolóxica reflicte os actos máis destacados dentro do proxecto anual (charlas, talleres, cursos específicos, actividades, visitas, días de gravación e ensaios), tanto internos como externos ao recinto escolar, esquematizados no calendario que se amosa a continuación:

OUTUBRO



5 de outubro. Instalación da aula Mupega. Anos 70. 50 Aniversario. Inicio da investigación para a creación do documental.


7 de outubro. Radio Cabanillas: o alumnado entrevista a Antonio e a Dorita, da 1ª xeración de alumnado e profesorado.

10 de outubro. Dispositivo "Reporteiras". Configuración do grupo de gravación do centro para cubrir o acto inaugural do 50 Aniversario.

17 de outubro. Gravación de *podcasts* do alumnado de 1º de ESO para o concurso Tíralle da lingua. Experimentación con efectos sonoros.

28 de outubro. Posta en funcionamento do *podcast* [Radio Cabanillas](#) en Spotify.

NOVEMBRO



11 de novembro. Reportaxe fotográfica sobre especies invasoras. Departamento de Ciencias.

22 de novembro. Especial pimpón "25 N" con membros da comunidade educativa e polas rúas de Cambados. Cuestionarios individualizados do alumnado.

24 de novembro. Radio Cabanillas. Entrevista á neta de Cabanillas, Aurora Vidal Cabanillas. Radio Cabanillas en Spotify. Reportaxe gráfica.

25 de novembro. Gravación audiovisual de *performance* polo Día contra a Violencia de Xénero entre o persoal da comunidade educativa e o alumnado.


DECEMBRO



20 de decembro. 1ª sesión do obradoiro de audiovisual: Como gravar e como iluminar

Primeiro obradoiro práctico de Roi Fernández (Sr. Pause) en decembro. Na biblioteca, gravación de tomas probando distintas iluminacións e a súa relevancia na interpretación da mensaxe audiovisual.

XANEIRO



10 e 11 de xaneiro. Gravación de entrevistas a familiares. Proxección das entrevistas en común. Os dereitos de imaxe. Técnicas de construción do guión documental. Temas e procedementos de creación dunha unidade narrativa.

30 de xaneiro. 2º obradoiro co cineasta Roi Fernández: gravación de obxectos para a creación dunha unidade visual do documental. Práctica. Gravación de títulos de crédito para o documental.

31 de xaneiro. Edición Calendario 50 aniversario. Colaboración co Museo Cabanillas e co Concello de Cambados na cesión e tratamento das fotos. Presentación.

FEBREIRO



2 de febreiro. Candeloria no Spotify: Selección de cancións traducidas ao galego pola Candeloria e ligazón co código Spotify na exposición *De amor e desamor*.

Do 2 (Candeloria) ao 14 de febreiro. 'Escoita isto!': Gravación e visualización en rede dos vídeos gravados en TikTok no mes dos namorados/as. Organización do equipo community en redes (4º de ESO).


3 de febreiro. Primeiro obradoiro de *podcast* impartido por Ana G. Liste.



10 de febreiro. Primeiras probas para a gravación da curta para o Certame Olloboi.

11 de febreiro. Conferencia en liña cunha xornalista e experta en innovación sobre tecnoloxías accesibles.

13 de febreiro. Última sesión con Roi Fernández. Gravación de textos para o documental con caixa de luz. Tratamento de imaxes en acetato.



14 de febreiro. Charla con Sabela Pillado, exalumna e cineasta (axudante de dirección e historiadora de cinema).



16 de febreiro. Charla co exalumno e director de cine con nominación aos Goya Juan Galiñanes, quen se ofrece a colaborar con nós na curtametraxe para Olloboi.

28 de febreiro. Segunda sesión de obradoiros con Ana G. Liste.

MARZO



10 de marzo: acudimos co alumnado de 4º da ESO á actividade "J. Gil, pioneiro do cinema galego", organizada por Vía Láctea Filmes no auditorio de Cambados. Contaremos con Cinemóbil3.

24 de marzo. Deseño e ilustración, con Iria Ribadomar, pintora, debuxante, ilustradora e deseñadora, creadora de Deica Producións (co alumnado 4º de ESO).

27 de marzo. Comezamos a gravación da curtametraxe para o Certame Olloboi co alumnado de 1º da ESO e representantes de toda a comunidade educativa como participantes.



ABRIL



Mes de abril: Preparación de plataformas dixitais de difusión do documental *A memoria das aulas*. Creación da imaxe corporativa.

25 de abril. Radio Lusofonía. Programación especial sobre a cultura lusófona. Playlist de música portuguesa actual. Panel Spotify con códigos de ligazón na entrada do centro. Lectura colectiva de textos en portugués na biblioteca.

17-23 de abril. Semana de gravación da curta de Olloboi. Alumnado de 1º da ESO, familias, exdocentes e persoal do centro.

MAIO



Semana das Letras. Estrea en conversa cos avós/as: presentación e foro de debate do documental *A memoria das aulas* en diversos espazos municipais.

Entrevista radiofónica (en formato *podcast*) a Malores Villanueva (alumnado de bacharelato), autora da biografía sobre Fernández del Riego.

22 de maio. Presentación por parte do alumnado da curta do 50 Aniversario no salón de actos do instituto.

26 de maio. Asistencia colectiva ao certame Olloboi (1º da ESO).

XUÑO

Dobraxa nas aulas: actividade de dobraxe de clips de películas con alumnos de 1º e de 4º da ESO.

Concurso de dobraxe interclases, cos mellores clips dobrados (orixinalidade e calidade da lingua oral).

Entrega de premios de participación ao alumnado colaborador do proxecto *Luces, cámara..., a falar!*

7. RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO



O deseño e desenvolvemento do proxecto estivo titorizado fundamentalmente desde dous departamentos didácticos:

- Departamento de Lingua Galega e Literatura, con Edith Pazó (responsable da Biblioteca) e Xosé Francisco Noia Souto (responsable do EDLG).

- Departamento de Tecnoloxía, con Rafael Iglesias, coordinador TIC-Edixgal.
- Equipo directivo: asesoramento e acompañamento.
- Equipo de Igualdade (coordinado desde o Departamento de Orientación).



7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

- Dpto. de Xeografía e Historia: directora do departamento, Lorena Amarelle, organización e contactos.
- Dpto. de Francés: vicedirector, Bruno Barreiro, organización.
- Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía: xefe de estudos, Jorge José Pérez, organización e TIC.
- Lingua Galega: Xosé Francisco Noia, Edith Pazó, organizadores e coordinadores do proxecto; Arancha Rodríguez, organización e *podcast*.
- Educación Plástica: Mirta Pequeño, deseños.
- Dpto. de Tecnoloxía e coordinador TIC: Rafael Iglesias, asesoramento TIC e montaxe na sala de audiovisuais.
- Orientación: Silvia Puga, integración da diversidade. Equipo de Igualdade.
- Dpto. de Música: Almudena Vidal, asesoramento sonoro de actos e gravacións en formato vídeo (organización da banda sonora orixinal da curtametraxe para Olloboi).
- Filosofía/Valores: Tobías Betanzos, organización da revista dixital *Follas Velaíñas*.
- Apoio en accións puntuais: Departamento de Física e Química, Juan Sánchez; FOL, Xurxo Novales; Departamento de Francés, Lucía Enríquez; Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, María de los Ángeles Suárez; Departamento de Inglés, Maria Van Loo; Departamento de Historia, Verónica Mazorra; Departamento de Castelán, Manuel Radío e Rocío Ferreiro; Departamento de Industrias alimentarias, Montserrat García; PROA, Inés Vázquez.

7.2 Alumnado participante

Parte das actividades están orientadas ao traballo con todo o alumnado de distintos niveis (ex. obradoiros de *podcast*). Outras dirixíronse a agrupamentos concretos de alumnado e outras son protagonizadas polos membros do EDLG e do Equipo de Igualdade.

Polo tanto, o proxecto atinxe os 400 alumnos e alumnas que, a través da produción de materiais ou da súa recepción en espazos de diálogo cos produtores, conforman o centro.

- O equipo de alumnado do EDLG está composto actualmente por 15 alumnos/as.
- O equipo de voluntariado da biblioteca, participante no proxecto, está integrado por 25 alumnas/os, sobre todo de 1º e 4º da ESO.
- Na produción de *sketchs*, 21 alumnos/as de 1º de ESO e 12 de 4º de ESO
- Entrevistas de TikTok, 2º e 4º de ESO
- Na produción do documental, 45 alumnos/as de 3º da ESO
- Nos obradoiros de *podcast* de radio, 43 alumnos/as de 1º de bacharelato
- Na produción de *podcast* literario, 70 alumnos de 2º de bacharelato
- Na gravación de eventos do centro (Entroido, actos do 50º aniversario), 43 alumnos/as de 1º de bacharelato.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Cómpre destacar o papel das familias, que participan activamente con entrevistas e gravacións sobre a historia destes 50 anos, así como con material gráfico de tres xeracións. A historia do centro, familiar e da vila foi unha combinación marabillosa a prol do noso obxectivo.

Outro soporte fundamental do noso proxecto é o antigo profesorado que achega a lembranza doutros tempos, en convivencia coa rapazada.

A participación de exalumnas/os, con persoas como o director de cinema Juan Galiñanes, quen deu conta do soño cumprido dun rapaz de Cambados como reputado director de cine, foi imprescindible.

Finalmente, a participación de persoal de limpeza e conserxes (curtametraxe...), así como da responsable da cafetaría completa este proxecto realizado por unha gran familia que mestura idioma, ilusión e tecnoloxía.

8. RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO



A continuación, ofrecemos a relación de recursos e materiais necesarios para o noso proxecto:

- Equipo de gravación e edición de audio: radio, micros e auriculares para un traballo de calidade. Para a edición de audio, Audacity e Garageband e aplicacións como Voki ou Madlipz (dobraxa de vídeo).
- Cadernos de rexistro: permítenos organizar tarefas, visitas e reserva de lugares de traballo por grupos nas diversas aulas, incluída a de plástica para o deseño de carteis con pintura.
- Espazo biblioteca: con mobiliario axeitado para charlas e visitas. Conta con radio propia e proxector de vídeo (canón).
- Equipo de gravación e edición de vídeo: ipads, táboas android, trípodes, micrófonos unidireccionais adaptables e dous smooth q3 (estabilizadores de imaxe para móbil). Diversos editores de vídeo: PremiereRush, Capcut e iMovie e Stop Motion.
- Equipo de fotografía e gravacións en exterior: ipads, móbiles, cámara compacta e gravadora con pértiga e micro de son. Micros individuais de son (lapela).
- Equipo de iluminación: canóns de luz e paneis antirreflectantes.
- Sala de audiovisuais: ordenadores para traballar o alumnado, ordenador do

profesorado, radio e sistema de micros (4 unidades); proxector, pantalla dixital, croma e teas de cores (negro). Catro pés de micro altos. Máquina de facer chapas e máquina de coser.



9. ORZAMENTO

Un dos obxectivos fundamentais deste proxecto é empregar o noso idioma en eidos de referencia e de interese para o alumnado. Así, centramos o noso orzamento na mellora de medios técnicos audiovisuais:

	Unidade		IMPORTE
WMS420 AKG SISTEMA MICRÓFONO SEN FÍOS. DIADEMA	280,17x3	840,51	2015,02
NTG1 RODE MICRÓFONO DE CONDENSADOR PARA PÉRTEGA	189,26	189,26	
DR40X TASCAM GRAVADOR DIXITAL PORTÁTIL ST 4 PISTAS MP3/WAV USB	172,73	172,73	
NEEWER 3 PACKS 2,4G 480 LED VÍDEO LUZ FOTOGRAFÍA KIT ILUMINACIÓN	177,99	177,99	
HSMB001 ORTHLAND FONDO TEA NEGRO 3X3M	86,78	86,78	
SISTEMA DE MICRÓFONO LAVALIER SEN FÍOS J12. MINIMICRÓFONO DE GRAVACIÓN DE AUDIO E VÍDEO PARA IPHONE E ANDROID (LAPELA)	37,23 x 2	74,46	
PORTES E GASTOS DE EXPEDICIÓN	19	19	
ESCUMA ACÚSTICA INSONORIZACIÓN 595X595X20/10mm	33,41x11	367,51	
HSMB001 ORTHLAND FONDO TEA NEGRO 3X3M	86,78	86,78	

10. COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

Para a integración da comunidade educativa, alén da comunidade educativa do Cabanillas, contamos con:

- Exprofesorado – Persoas que formaron parte do primeiro claustro do centro e en anos posteriores, para entrevistas co alumnado, charlas e participación na curtametraxe.
- Profesionais non docentes – Conserxes, limpeza e cafetería, na preparación de actividades, participación en redes sociais (vídeos [TikTok](#)), en eventos motivo do 50 aniversario e tamén na curtametraxe.
- Veciñanza de Cambados: na gravación do documental e da curtametraxe, e na participación en tiktoks con diversos cuestionarios.
- Nais, pais, avoas e avós: esenciais para a gravación do documental e na cesión de localizacións (vivenda, negocio) para a curtametraxe.
- Profesionais do audiovisual, como o cineasta Roi Fernández (“Sr. Pause”), Juan Galiñanes, Sabela Pillado, ou Ana G. Liste na impartición de obradoiros e charlas co alumnado.
- Asociacións coma Olloboi, que fornecen material sobre a gravación de curtametraxes, e a participación no seu certame, o que nos permite relacionarnos con outros centros de toda Galicia en Boiro e gravar con profesionais do cinema (directores/as, actores e actrices...) nesta localidade.
- Concello de Cambados: no seu fornecemento de material sobre a historia da vila, elementos para actos, acompañamento institucional.
- Museo Cabanillas: na cesión de material de interese.

11. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO: ACCIÓNS E ALCANCE

Para a difusión do proxecto é básico o contacto coas familias, saber en que van participar os seus fillos e facelas partícipes, e para iso empregamos a plataforma EVA Edixgal e Abalar.

Unha vez realizadas as actividades, as redes sociais son o medio de difusión máis directo e visual entre o alumnado e as familias. Nas nosas páxinas de [Instagram](#), [Facebook](#) e [TikTok](#) e na propia canle de [Youtube](#) do Cabanillas.

A plataforma de difusión dos *podcasts* é Radio Cabanillas, en [Anchor](#)- Spotify. Esta é unha das vías esenciais no traballo da oralidade.

Este ano, e partindo do Departamento de Filosofía e voluntariado do centro, prepárase a revista dixital *Follas Velaíñas*, nas que se recollen os proxectos.

Con motivo do 50 aniversario, o Concello de Cambados a través das súas canles dixitais difunde algunhas das actividades programadas.

As edicións locais de *La Voz de Galicia* ou o *Diario de Arousa* están a recoller adoito os proxectos difundidos, o que permite unha maior difusión entre as familias.

Finalmente, os diversos certames nos que participamos como Tíralle da lingua, da AS-PG, ou Olloboi son outra das forma de difusión e dan conta do traballo que estamos a realizar.

Ademais destas canles, o proxecto prevé accións presenciais de estrea dos principais proxectos audiovisuais, como espazos de diálogo interxeracional e do centro coa contorna.

12. PLAN DE AVALIACIÓN

A autoavaliación é esencial para coñecermos o funcionamento do plan operativo do proxecto xa durante a súa posta en marcha. Na fase de deseño avalíase a proposta entre o profesorado involucrado e a dirección (avaliación inicial).

Unha vez definido o plan de acción, compartimos co alumnado a proposta para implicalo no propio deseño. De feito, contamos con achegas enriquecedoras das rapazas e dos rapaces, como por exemplo a de usar os códigos de Spotify ou a proposta de temas para os vídeos de TikTok.

A modo de asemblea na biblioteca e tamén nas aulas co profesorado involucrado, argallamos a distribución de tarefas. O apoio, asesoramento e as propostas da dirección do centro son esenciais no proxecto e o garante da integración axeitada na programación do centro. Ese seguimento cualitativo permanente permite ter capacidade de rectificación, adaptación e mellora (avaliación procesual).

A avaliación final de cada actividade mídese polo grao de aceptación e participación da comunidade educativa. Ao final do proxecto realizaráselles unha enquisa ao alumnado e familias coa intención de obter datos máis amplos de valoración, cun espírito de mellora para os anos vindeiros.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Principais criterios e indicadores de avaliación durante a execución do proxecto:

- 1 Valoración xeral no deseño do proxecto a primeiros de curso (avaliación inicial); na súa execución (procesual) e ao final de curso (avaliación final).
- 2 Implicación do alumnado e do profesorado na realización das tarefas. Interdisciplinariedade e responsabilidade.
- 3 Distribución de tempos e espazos. Repercusión nos horarios de clase.

- 4 Uso do material do que dispomos e necesidades de mellora. Posibles danos.
- 5 Éxito ou non dos obradoiros e charlas externas ao centro.
- 6 Integración da comunidade educativa e na contorna.
- 7 Resultado da aprendizaxe do alumnado.
- 8 Propostas de mellora para vindeiros cursos.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Os datos sobre o impacto do proxecto na mellora do uso do galego deben ser analizados ao final deste, mais podemos adiantar a impresión de acollida positiva entre o alumnado que, malia que presenta algunhas dificultades para manterse en galego no desenvolvemento destas accións, entende e colabora no obxecto da práctica da lingua galega nestas actividades como garantía para a adquisición dun auténtico dominio do idioma. O uso do galego nun ámbito moderno e, ademais, atractivo –obxectivo esencial do proxecto– é básico para o impacto no alumnado, que pode ver como o noso idioma serve para todo aquilo que é do seu interese.

